

**Centro Informático de Xestión
Tributaria, Económico-
Financeira e Contable**

MEMORIA DE ACTIVIDADE

CIXTEC

MEMORIA DE ACTIVIDADE

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, Ente Público creado pola Lei 2/98, ten como principal obxectivo prestar diferentes servizos nas áreas de informática ós Servizos Centrais da Consellería de Economía e Facenda, ás Intervencións Delegadas, ás Delegacións Territoriais, ás Áreas de Recadación, ós corenta e dous Rexistros da Propiedade que actúan como Oficinas Liquidadoras da Consellería de Economía e Facenda, e ás distintas Consellerías e Organismos Autónomos en áreas de Contabilidade, Retribucións de Persoal ou Tributarias.

Ó longo do ano 2005 o CIXTEC procedeu á instalación e configuración do Centro de Respaldo na súa segunda fase.

Este programa enmárcase dentro do ámbito da seguridade informática, a implantación de estratexias efectivas e comúns de respaldo e continuidade informática en servizos críticos, e do deseño e implementación dun centro de respaldo que proporcione un alto nivel de seguridade informática e recuperación ante desastres.

Non cabe dúbida que no marco dunha administración pública involucrada nun proceso de informatización da maior parte dos servizos que presta ó cidadán e do seu propio funcionamento interno, as tecnoloxías da información e as comunicacións xogan un papel principal como infraestrutura tecnolóxica vertebradora. Pero ese mesmo papel crucial fai que as posibles vulnerabilidades desta infraestrutura a convertan nun obxectivo crítico en

canto á súa protección. A información, o seu almacenamento e tratamento a través de servizos e aplicacións, e o propio fluxo da mesma por distintas redes de telecomunicacións, fai que tanto os datos como as aplicacións e as redes constitúan bens que requiren unha especial atención en canto á xestión da súa seguridade.

A realización de copias de respaldo e o seu almacenamento nun centro remoto distinto ó centro de produción e explotación é unha esixencia importante no ámbito das tecnoloxías de información. Para aplicacións e servizos críticos é necesario establecer estratexias de copias remotas a intervalos preestablecidos; ademais, para aplicacións altamente críticas como poden ser, por exemplo, a Xestión Tributaria ou o Sistema de Información Contable téñense que acometer solucións de recuperación ante desastres, o que implica fundamentalmente o deseño e implantación de estratexias de alta dispoñibilidade e continuidade informática.

O centro de respaldo que se rematou de poñer totalmente operativo durante o ano 2005 e que é do tipo “Quente” consiste na instalación de equipos informáticos redundantes nas súas localizacións de Domingo Fontán e San Caetano, de modo que ante a imposibilidade de manter o servizo dende unha das mencionadas localizacións, se poida restablecer o mesmo dende a outra proporcionando ademais:

- Custodia ou almacenamento de datos
- Respaldo telemático remoto
- Alta dispoñibilidade e continuidade informática de servizos críticos

- Copias instantáneas
- Continuidade fronte a cortes de comunicacións, caídas eléctricas , sabotaxe, axentes atmosféricos adversos ...
- Coordinación das políticas de seguridade.

Isto é posible grazas á técnica de agrupación de equipos formando “clusters” xeográficos que soporten as aplicacións corporativas da Consellería de Economía e Facenda, de forma que cada “cluster” xeográfico estea composto polo menos dun nodo en cada unha das dúas localizacións, e a replicación síncrona de datos en tempo real que permita que en cada localización se poidan manter os datos actualizados ata o último momento sen que haxa perda de datos cando se arrinquen as aplicacións corporativas no centro de respaldo por caída do nodo principal. En concreto, a segunda fase consistiu na instalación dos equipos de almacenamento redundante de datos en San Caetano e a súa sincronización cos datos almacenados nos equipos de Domingo Fontán.

Tamén se procedeu durante o ano 2005 á posta en funcionamento do anel Gigabit que une as Delegacións da Consellería de Economía e Facenda, os seus Servizos Centrais en San Caetano-Fontiñas e o CIXTEC.

Debido ó avance nas tecnoloxías de comunicacións de datos, realizouse a adecuación da rede de comunicacións de datos da Consellería de Economía e Facenda ás novas tecnoloxías. As liñas de comunicacións que se estaban utilizando anteriormente estaban baseadas en enlaces de fibra óptica unicamente entre Domingo Fontán, San Caetano e Fontiñas.

O resto consistía en circuítos de cable coas Delegacións Provinciais e en circuítos de cable, ADSL (bucle de transmisión asíncrono) ou RDSI (Rede Dixital de Servizos Integrados) con departamentos situados fóra de San Caetano-Fontiñas e coas oficinas liquidadoras.

Concretamente durante o ano 2005 ampliouse a conexión de Gigabit xa existente entre o CIXTEC, San Caetano e Fontiñas ás Delegacións Provinciais mediante un anel e dous enlaces adicionais (entre San Caetano-Ourense e Domingo Fontán-Vigo) que permite considerar a todo este conxunto como unha única rede local. As vantaxes que isto leva consigo son:

- Eliminación de servidores e concentración dos mesmos.
- Diminución de licenzas software necesarias.
- Diminución da administración e operación requirida nas Delegacións.
- Centralización das copias de seguridade.
- Optimización de recursos.
- Maior velocidade de conexión nas Delegacións (aprox. 1000 veces máis).
- Posibilidade de prescindir das conexións de “Back-Up” ó ofrecer o anel a redundancia necesaria.
- Capacidade de compartir aplicacións e ficheiros entre San Caetano-Fontiñas e as Delegacións e entre estas.

- Incorporación de novos servizos que requiran un ancho de banda de rede local.

Nas Áreas dos Sistemas e da Sociedade de Información ó longo do ano 2005 procedeuse ó desenvolvemento dos seguintes módulos integrados dentro dos distintos Sistemas de Información do Cixtec.

Púxose en marcha o programa de axuda á liquidación do imposto de Sucesións, denominado ALIS, que pode ser descargado ó ordenador do contribuínte dende a Oficina Virtual para poder facer simulacións e cálculos, previo paso á presentación do imposto a través da Oficina Virtual como nos impostos xa establecidos.

Desenvolveuse un procedemento de presentación telemática de declaracións entre o Colexio de Notarios (INTI) e a Xunta de Galicia para presentar e pagar liquidacións do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados acompañados das correspondentes escrituras notariais.

Tamén durante este exercicio e continuando co sistema de dar servizo ós colectivos profesionais, implantouse un procedemento de presentación e pago telemático do imposto de determinados medios de transporte usados entre particulares, dende as xestorías a través do Colexio de Xestores Administrativos (SIGA) coa Xunta de Galicia.

Co fin de mellorar a atención ó usuario púxose en marcha un novo sistema de documentación en liña a nivel de pantalla, que permite a consulta inmediata por parte do usuario de calquera dúbida que lle xurda respecto ó funcionamento da aplicación Xeito.

Continuando co desenvolvemento de novas funcionalidades englobadas dentro da denominada Sociedade da Información, puxéronse en marcha novos procedementos dentro da Oficina Virtual Tributaria, tales como a apertura de valoracións mediante consulta de datos ó catastro sen necesidade de certificado dixital, así como a modificación do aspecto e ergonomía da Oficina adaptándoa ó estándar WC3 de acceso a persoas con minusvalías.

Procedeuse á carga e mantemento dos datos de vehículos procedentes da Xefatura Central de Tráfico para confeccionar unha base de datos histórica de vehículos que servirán de base á comprobación de liquidacións presentadas a través da Oficina Virtual Tributaria ou da aplicación Xeito nas Delegacións da Consellería de Economía e Facenda.

A raíz desta carga elaboráronse unha serie de procedementos que permitiron o peche de expedientes de vehículos con liquidacións caucionais que permanecían pendentes de comunicación por parte da Xefatura Central de Tráfico.

Tamén neste período e como consecuencia do cambio na imaxe corporativa da Xunta de Galicia procedeuse a modificar o aspecto en todos os documentos xerados pola aplicación así como nas pantallas onde figuraba o antigo logotipo existente ata ese momento.

Con motivo dos cambios introducidos na Lei de Orzamentos da Comunidade para o exercicio 2005 procedeuse á modificación dos prazos de presentación das autoliquidacións e pagos aprazados do imposto sobre máquinas recreativas, tanto na Oficina Virtual Tributaria como na aplicación Xeito.

Co fin de adaptar a seguridade dos sistemas de información á lei de protección de datos procedeuse á implantación dun sistema de seguimento das actuacións sobre a base de datos por parte dos usuarios, LOG, que rexistra calquera consulta ou actualización sobre os datos existentes.

Procedeuse á revisión e carga posterior dos datos enviados pola Axencia Tributaria sobre Patrimonio e Imposto de Actividades Económicas de determinados exercicios anteriores e que a partir da posta en marcha están dispoñibles para a súa consulta a través dos procedementos existentes en Xeito.

Desenvolvemento dun Módulo relativo a IRPF que permite a emisión de listados e ficheiros necesarios para o Modelo 190 (declaración anual de “Retención e ingreso a conta sobre rendementos do traballo, determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda”) así como os certificados anuais de IRPF das persoas físicas con posibilidade de obter duplicados e a validación (código MAC) na WEB.

Remate do desenvolvemento do Módulo de Axudas e Subvencións e posta en produción consistente na captura e validación dos datos non contables (bases, convocatorias, concesións e desgloses de NIF) asociados a documentos RC, A, D e K de aplicacións e proxectos marcados previamente como pertencentes a axudas e subvencións. Establece os controles necesarios para a Intervención Xeral e a Dirección Xeral de Planificación. Controla os saldos de fase D, O y K para os desgloses de NIF das operacións contables.

Desenvolvemento do módulo de Corredorías de Seguros con soporte informático en modo WEB á xestión da información relativa á “Orde do 17 de

xuño de 2005 sobre os libros-rexistros e o deber de información estatística-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.

Entrada a Xumco2 ó través de perfís . A autenticación dun NIF con ou sen certificado dixital ante o Cliente CIXTEC permite amosar ó usuario os distintos perfís cos que pode acceder á aplicación. Asíciáselle un sistema de avisos programables á entrada do Sistema de Información Contable.

Procedeuse a habilitar ó través da Oficina Virtual a posibilidade de proceder ó cambio da dirección postal e electrónica de terceiros, o cambio de datos da situación persoal a efectos de IRPF e a consulta de operacións contables.

Ó longo do ano 2006 simplificaranse os procedementos actuais de notificación para reducir os tempos empregados nas notificacións, os custos, estandarizando os modelos de impresos, e utilizando as novas tecnoloxías para dar un servicio máis efectivo e áxil ó contribuínte.

Nunha primeira fase actualmente xa en desenvolvemento elaborárase un procedemento estándar que permita a utilización xeneralizada do mesmo para calquera tipo de notificación.

Crearase un modelo unificado de documento que inclúa distintas estruturas fixas ou variables que reflectan a totalidade dos actos administrativos necesarios para realizar calquera tipo de notificación, posibilitando a integración de disposicións legais que poidan ser alteradas cos cambios na lexislación sen necesidade de cambiar o procedemento deseñado.

Substituirase a firma manual pola firma dixital en todo os departamentos involucrados na obtención de documentos necesarios para a confección dunha notificación, que conformará un único documento de impresión conxunta local ou remota.

Nunha segunda fase que dará comezo unha vez estea concluída e posta en marcha a anterior, implementaranse procedementos que permitan a impresión de calquera tipo de notificación de forma centralizada/remota ou o intercambio telemático de información con Correos sen necesidade de levar a cabo a impresión nas dependencias da Consellería de Economía e Facenda.

Millorarase o sistema de requirimentos poñéndoo a disposición de calquera departamento xestor, facilitando a introdución de información fixa ou variable, así como de documentos singulares, que poderán notificarse mediante o procedemento descrito no punto anterior.

Encadrado na Sociedade da Información o procedemento de Notificacións porase operativo na Oficina Virtual Tributaria posibilitando o envío de mensaxes ó contribuínte ou ó seu representante indicándolle a existencia dunha notificación que poderá obter ó través da rede mediante certificado dixital ou ben nun buzón electrónico da súa propiedade que teña acuse de recibo.

Con relación ó sistema actual de tratamento dos ingresos centralizarase o procedemento de recepción de ingresos de entidades colaboradoras axilizando o seu posterior traspaso as contas operativas.

Suprimirase o servizo de caixa das delegacións que pasarán a funcionar como Entidades Colaboradoras, definindo os novos modelos de ingreso

necesarios para posibilitar a supresión de dito servizo podéndose realizar calquera tipo de ingreso ó través da rede de entidades colaboradoras da Xunta, habilitándose un sistema para a realización de pagos a liquidacións notificadas ó través da Oficina Virtual Tributaria.

Implementarase un sistema de conciliación automática dos ingresos e aprazamentos coas autoliquidacións presentadas e as liquidacións notificadas, facilitando o envío de requirimentos ou o paso a executiva das débedas non conciliadas.

Nunha segunda fase que dará comezo unha vez estea concluída e posta en marcha a anterior, incorporaranse aplicacións que permitan a compensación de débedas con pagamentos do Tesouro, derivacións de responsabilidade a persoas distintas do suxeito pasivo, xestión de aprazamentos e fraccionamentos e devolución de ingresos indebidos a instancia do contribuínte.

Coincidindo cos procedementos anteriores se está a realizar un módulo que substitúa o procedemento actual de fiscalización pola toma de razón, para elo se dotará de novos procesos ó departamento que lle permitan realizar mostraxes sobre as autoliquidacións presentadas, así como sobre as liquidacións elaboradas.

Levarase a cabo unha remodelación da presentación de declaracións nas Delegacións Territoriais, para poder admitir as autoliquidacións cuxo pagamento se realizara en Entidades Colaboradoras, contemplándose a posibilidade da gravación completa das mesmas, desde calquera punto de atención ó contribuínte, con independencia do imposto. Se posibilita a xestión integral dos mesmos, ca introducción das solicitudes de aprazamento, para

aquelas liquidacións que se presenten co pagamento parcial das mesmas. Xeración de requirimentos no momento da presentación para o caso da non presentación da totalidade da documentación necesaria. Obtención de selos para os documentos orixinais así como a xeración de carpetas para dar contido a toda a documentación presentada.

Facilitarase dende la Oficina Virtual Tributaria a posibilidade de realizar solicitudes de aprazamentos para as liquidacións presentadas.

Desenvolveranse as utilidades necesarias para centralizar os ingresos de Entidades colaboradoras en caixa 1 (Servizos Centrais da Xunta) modificándose o tratamento da carga de Taxas en Xumco2 o que permitirá á Tesourería da Xunta dispor dos fondos correspondentes ós ingresos por entidades colaboradoras antes de que se apliquen en cada unha das contas correspondentes.

Encadrado no Módulo de Habilitación desenvolveranse novas funcionalidades que ampliarán as facilidades xa contempladas en Xumco2 respecto ás Habilitacións permitido dende o Xumco2 a xestión básica de cada unha das habilitacións: xestión de facturas, xestión de xustificación de contas, xestión de pagos etc.

Modificaranse as transaccións correspondentes para facilitar a captura da información necesaria para a súa remisión o Rexistro Público de Contratos simultaneamente ós datos dos documentos contables. Almacenarase os datos históricos e elaborará os ficheiros de remisión de información ó Estado.

Procederase o desenvolvemento dunha aplicación para a Xestión de ingresos para Organismos Autónomos encadrada no Sistema de Información

Contable que facilite a carga de ingresos ó través de ficheiros e a Xestión da recadación de ingresos e a interconexión coa xestión Tributaria.

Levaranse a cabo os desenvolvementos dos procedementos informáticos que permitan a Xestión automatizada das incorporacións de Orzamentos coas emisións de Certificación de saldos a 31/12 polo xestor e propostas de MC de incorporacións de orzamentos elaborándose, así mesmo, as propostas de documentos AD's ó xestor, para os traspasos de corrente ó corrente do novo exercicio.

Deseño dunha datawarehouse de situación de saldo das contas (operativas, restrinxidas, habilitacións, etc.) da Xunta ó comezo da xornada mediante comunicación en tempo real coas entidades financeiras.

Integrados na páxina web da Consellería de Economía e Facenda poñeranse distintos procedementos na Oficina Virtual que permitan ós distintos colectivos profesionais e particulares recibir as comunicación dos pagamentos por correo electrónico e mensaxes SMS, actualización de contas bancarias, efectuar cesións de Endosos ou de créditos, consultas de concesión de axudas /subvencións, certificación de descontos ...

Integraranse as distintas Relacións de Postos de traballo (RPT) na Base de Datos da Nómina Unificada co obxecto de levar a cabo unha xestión de Relación de Postos de traballo e control das vacantes facéndose o mantemento durante todo o ano dos cambios na RPT e a inclusión no Orzamento no exercicio seguinte.

Poñeranse a disposición dos cento dez habilitados de nómina a simulación de haberes podendo simular o cálculo de haberes nos partes de alta ou Modificación antes do seu envío á Intervención delegada.

Control e xestión dos reintegros pendentes de devolución polos traballadores nas baixas producidas despois do aboamento da Nómina. Podéndose xestionar dende a vía executiva na Xestión Tributaria (Xeito), se non se efectúan no período voluntario.

Desenvolvemento dos procedementos informáticos necesarios para levar a cabo a afiliación á Seguridade Social centralizada para o seu envío á Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este procedemento evitara erros de diferenzas en Afiliación e Cotización así como xeración automática de baixa en Nómina se se producen baixas na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Control de maternidade por riscos por embarazo e maternidade a tempo parcial.

Xeración automática de recargo para as reclamacións do pagamento delegado da Incapacidade Laboral que se xestionan fóra de prazo. Estableceranse patronais únicas dos diferentes tipos de persoal por provincia.

Relativo os Centros Concertados de Educación desenvolveranse os procedementos e transaccións informáticas que permitirán efectuar a entrada de datos polos Centros Concertados dende a web da Consellería de Economía e Facenda, validando as horas dos módulos asignados a cada ciclo por Centro.

Permitirase a modificación do IRPF polos Centros Concertados dende a web, o Cálculo dunha nómina única por traballador independente que estea dando clases en ciclos distintos a inclusión dos Centros concertados no Convenio asinado coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia e a facilidade da consulta dos datos históricos na web do Empregado Publico.

Implementaranse novas utilidades na WEB do Empregado Publico que con Certificado Dixital permitan obter o certificado de empresa para presentar no INEM para a xestión do paro , a Solicitud de cambios de situación familiar para o IRPF ou a Solicitud de cambio da conta bancaria de percepción de haberes.

Na área de Sistemas durante o ano 2006 procederase á instalación dunha pasarela SMS que permitirá enviar mensaxes curtas a teléfonos móbiles. Isto realizarase mediante unha plataforma que facilite o envío de mensaxes de forma masiva en tempo real e dispoña dun mecanismo de comunicación coas aplicacións da Consellería de Economía e Facenda que simplifique o envío de información de forma automática. Esta flexibilidade fará que coa súa utilización se poidan crear os máis avanzados e innovadores servizos de envío e recepción de información mediante tecnoloxía móbil, todo elo moi rapidamente. Desta forma poderanse enviar mensaxes e notificacións ós cidadáns e traballadores da Xunta de Galicia así como recibilos e tratalos automaticamente, coas vantaxes que isto supón:

- Maior rapidez nas notificacións
- Posibilidade de recepción de mensaxes dos cidadáns

- Automatización do proceso de mensaxes
- Redución de custos

Tamén se realizará durante ese ano un proxecto de viabilidade da utilización de comunicacións de voz sobre IP que, dado o sistema de comunicacións actual que comprende un anel Gigabit entre as localizacións principais da Consellería de Economía e Facenda, aproveitaría o ancho de banda da transmisión de datos para encauzar as chamadas de teléfono internas da Consellería de Economía e Facenda entre as ditas localizacións permitindo un custo nulo por chamada, o que proporcionaría unha amortización do investimento en 2 ou 3 anos. Este sistema presenta as vantaxes adicionais seguintes:

- Acceso personalizado dende calquera punto da rede
- Integración das comunicacións de voz co correo electrónico

No mesmo sentido de utilización do anel Gigabit da Consellería de Economía e Facenda, implantarase durante o ano 2006 un proxecto piloto de video-conferencia que permita reunións virtuais dos asistentes a unha das salas de reunións de San Caetano, onde se instalará unha pantalla xigante, e ata 7 participantes remotos que estarán nos seus postos de traballo respectivos.

Por outra banda, durante ese ano continuarase coa renovación habitual dos equipos tales como servidores, PC's, impresoras, equipos de comunicacións que vaian quedando obsoletos o que por motivos económicos no sexa rendible continuar co seu mantemento en activo. Así mesmo

procederáse á adquisición das licenzas de software que sexan necesarias para manter o funcionamento dos equipos e programas utilizados pola Consellería de Economía e Facenda.

OS ESTADOS FINANCEIROS

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE: CIXTEC

Miles de euros

| | DEBE | | HABER |
|--|---------------|--|---------------|
| REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS | 0 | AUMENTO DAS EXISTENCIAS | 0 |
| APROVISIONAMENTOS | 0 | VENDAS NETAS | 0 |
| GASTOS DE PERSOAL | 4.360 | Vendas nacionais | 0 |
| Soldos e salarios | 3.226 | Exportacións | 0 |
| Seguridade Social a cargo da empresa | 967 | Prestación de servicios | 0 |
| Indemnizacións | 0 | INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN | 0 |
| Contribucións a sist. complementarios de pensións | 0 | Alugueiros | 0 |
| Outros | 167 | Outros | 0 |
| AMORTIZACIÓNS | 4.600 | INGRESOS FINANCEIROS E ASIMILADOS | 4.600 |
| Do inmovilizado material | 1.700 | Dividendos | 0 |
| Do inmovilizado inmaterial | 2.900 | Xuros | 0 |
| De gastos de establecemento | 0 | Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais | 0 |
| VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO | 0 | Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes | 0 |
| | | Outros | 0 |
| VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO | 0 | Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados | 4.600 |
| Variación das provisións de existencias | 0 | SUBVENCIONES A EXPLOTACIÓN | 6.450 |
| Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables | 0 | Da Comunidade Autónoma | 6.450 |
| Variacións outras provisións de tráfico | 0 | Doutros Entes Públicos (con detalle) | 0 |
| OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN | 5.321 | Doutros (especificar) | 0 |
| Servicios exteriores | 5.321 | TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO | 3.294 |
| Impostos sobre beneficios | 0 | INGRESOS ORDINARIOS | 14.344 |
| Outros tributos | 0 | PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 0 |
| Outros gastos de xestión corrente | 0 | | |
| Dotación ó fondo de reversión | 0 | | |
| GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS | 0 | | |
| De obrigas e bonos | 0 | | |
| De préstamos e créditos | 0 | | |
| Por descontos de efectos comerciais | 0 | | |
| Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais | 0 | | |
| Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes | 0 | | |
| Outros | 0 | | |
| Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados | 0 | | |
| VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCEIROS | 0 | | |
| A longo prazo | 0 | | |
| A curto prazo | 0 | | |
| SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA | 63 | | |
| GASTOS ORDINARIOS | 14.344 | | |
| BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 0 | | |
| RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIONES | -6.387 | | |
| +BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 0 | | |
| +SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA | 63 | | |
| -SUBVENCIONES Á EXPLOTACION | 6.450 | | |
| -PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 0 | | |

| ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006 | | |
|--|-----------------|----------------------|
| ORZAMENTO DE CAPITAL | | |
| SOCIEDADE: CIXTEC | | Miles de euros |
| | ORIXE DE FONDOS | APLICACIÓN DE FONDOS |
| RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS | 0 | 0 |
| Cash-flow actividades ordinarias | 0 | 0 |
| Amortizacións | 4.600 | |
| Provisións netas de explotación (debe-haber) | 0 | |
| Gastos e ingresos para distribuír en varios exercicios, aplicados | -4.600 | |
| Resultado ordinario antes de subvencións | -6.387 | |
| Subvencións netas á explotación | 6.387 | |
| Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber) | 0 | |
| Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber) | 0 | |
| Gastos e ingresos extraordinarios | 0 | 0 |
| APORTACIÓNS DE CAPITAL | 0 | 0 |
| Da Comunidade Autónoma | 0 | |
| Doutros entes públicos | 0 | |
| De sociedades públicas | 0 | |
| Doutros (especificar) | 0 | |
| SUBVENCIONS DE CAPITAL | 5.546 | 5.546 |
| Da Comunidade Autónoma | 5.546 | |
| Doutros entes públicos | 0 | |
| Doutros (especificar) | 0 | |
| OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS | 0 | 0 |
| FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO | 0 | 0 |
| Préstamos da Comunidade Autónoma | 0 | |
| Préstamos doutros entes públicos | 0 | |
| Crédito oficial | 0 | |
| Empréstitos e outros pasivos análogos | 0 | |
| Préstamos de empresas do grupo | 0 | |
| Préstamos de empresas asociadas | 0 | |
| Préstamos doutras empresas | 0 | |
| Acredores a longo prazo das Administracións públicas | 0 | |
| Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas | 0 | |
| ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO | 0 | 0 |
| Inmovilizado material | 0 | |
| Inmovilizado inmaterial | 0 | |
| Alleamento inmovilizado financeiro | 0 | 0 |
| Empresas do grupo | 0 | |
| Empresas asociadas | 0 | |
| Outros investimentos financeiros | 0 | |
| ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS | 0 | 0 |
| CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONS FINANCEIRAS | 0 | 0 |
| Empresas do grupo | 0 | |
| Empresas asociadas | 0 | |
| Outros investimentos financeiros | 0 | |
| TOTAL ORIXES | 5.546 | 5.546 |
| DIMINUCIÓN CAPITAL CIRCULANTE | 0 | 0 |
| PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS | 0 | 0 |
| ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS | 0 | 0 |
| GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS | 0 | 0 |
| Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital | 0 | |
| Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos | 0 | |
| ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO | 5.546 | 5.546 |
| Inmovilizado material | 1.449 | 1.449 |
| Terreos e construcións | 0 | |
| Instalacións técnicas e maquinaria | 60 | |
| Outras instalacións, utensilios e mobiliario | 210 | |
| Anticipos e inmovilizacións materiais en curso | 0 | |
| Outro inmovilizado material | 1.179 | |
| Inmovilizado inmaterial | 4.098 | 4.098 |
| Gastos de investigación e desenvolvemento | 3.294 | |
| Propiedade industrial | 0 | |
| Fondo de comercio, dereitos de traspaso | 0 | |
| Outro Inmovilizado inmaterial (especificar) | 804 | |
| Inmovilizado financeiro | 0 | 0 |
| Empresas do Grupo | 0 | |
| Empresas asociadas | 0 | |
| Outros investimentos financeiros | 0 | |
| ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS | 0 | 0 |
| REDUCCIÓN DE CAPITAL | 0 | 0 |
| DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS | 0 | 0 |
| A Comunidade Autónoma | 0 | |
| A outros entes públicos | 0 | |
| A sociedades públicas | 0 | |
| A outras (especificar) | 0 | |
| CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA | 0 | 0 |
| Préstamos da Comunidade Autónoma | 0 | |
| Préstamos doutros entes públicos | 0 | |
| Crédito oficial | 0 | |
| Empréstitos e outros pasivos análogos | 0 | |
| Préstamos de empresas do grupo | 0 | |
| Préstamos de empresas asociadas | 0 | |
| Doutras débedas | 0 | |
| De provedores de inmovilizado e outros | 0 | |
| TOTAL APLICACIÓNS | 5.546 | 5.546 |
| AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE | 0 | 0 |
| VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA | 0 | 0 |
| -Aumento das existencias | 0 | |
| -Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos | 0 | |
| -Aumento debedores excepto Admóns.públicas | 0 | |
| -Aumento debedores das Admóns.públicas | 0 | |
| -Aumento contas financeiras | 0 | |
| -Aumento axuste pola periodificación de activos | 0 | |
| ± ACTIVO CIRCULANTE | 0 | 0 |
| -Redución das existencias | 0 | |
| -Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas | 0 | |
| -Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas | 0 | |
| -Aumento axuste pola periodificación de pasivos | 0 | |
| ∇ PASIVO CIRCULANTE | 0 | 0 |
| VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA | 0 | 0 |

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

BALANCE DE SITUACIÓN

SOCIEDADE: CIXTEC

Miles de euros

| ACTIVO | 2.004 | 2.005 | 2.006 | IFM 06/05 |
|--|---------------|---------------|---------------|-----------|
| Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos | 0 | 0 | 0 | |
| Gastos de establecemento | 0 | 0 | 0 | |
| Inmovilizado inmaterial neto | 9.014 | 11.454 | 12.652 | |
| Inmovilizado material neto | 6.473 | 7.330 | 7.079 | |
| Provisións do inmovilizado non financeiro | 0 | 0 | 0 | |
| Inmovilizado financeiro neto | 0 | 0 | 0 | |
| Accións propias | 0 | 0 | 0 | |
| Gastos para distribuír en varios exercicios | 0 | 0 | 0 | |
| Accionistas por desembolsos esixidos | 0 | 0 | 0 | |
| Existencias | 20 | 20 | 20 | 0 |
| Debedores ordinarios | 0 | 5 | 5 | 0 |
| Debedores administracións públicas | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Contas financeiras | 1.847 | 2.063 | 2.063 | 0 |
| Axustes por periodificación | 2 | 1 | 1 | |
| TOTAL ACTIVO | 17.356 | 20.873 | 21.819 | |
| PASIVO | 2.004 | 2.005 | 2.006 | IFM 06/05 |
| Fondos propios | 16.491 | 16.491 | 16.491 | |
| Subvencións en capital | 0 | 3.119 | 4.065 | |
| Diferencias positivas de cambio | 0 | 0 | 0 | |
| Outros ingresos para distribuír en varios exercicios | 0 | 0 | 0 | |
| Provisións para riscos e gastos | 2 | 0 | 0 | |
| Acredores a longo prazo | 0 | 0 | 0 | |
| Acredores a curto prazo, ordinarios | 691 | 1.073 | 1.073 | |
| Acredores a curto prazo, administracións públicas | 172 | 190 | 190 | |
| Provisións para operacións de tráfico | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Axustes por periodificación | 0 | 0 | 0 | |
| TOTAL PASIVO | 17.356 | 20.873 | 21.819 | |

| ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006 | | |
|--|--|----------------|
| CADRO DE FINANCIAMENTO | | |
| SOCIEDADE: CIXTEC | | Miles de euros |

| | 2.004 | 2.005 | 2.006 |
|--|---------------|---------------|---------------|
| Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións) | -4.029 | -6.049 | -6.387 |
| Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS | -253 | -216 | 0 |
| Existencias | 0 | 0 | 0 |
| Debedores excepto Administracións Públicas | 0 | 5 | 0 |
| Axustes pola periodificación de activos | 1 | -1 | 0 |
| Accionistas polos desembolsos esixidos | 0 | 0 | 0 |
| Debedores das administracións públicas | -863 | 0 | 0 |
| Acredores de administracións públicas | -25 | -18 | 0 |
| Acredores excepto administracións públicas | 634 | -202 | 0 |
| Axustes por periodificación pasivos | 0 | 0 | 0 |
| Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS | -3.776 | -5.833 | -6.387 |
| Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS | 10.723 | 11.382 | 11.933 |
| Contribucións de capital | 0 | 0 | 0 |
| Subvencións en capital | 5.100 | 5.333 | 5.546 |
| Subvencións á explotación | 5.623 | 6.049 | 6.387 |
| Outros ingresos para distribuír en varios exercicios | 0 | 0 | 0 |
| Financiamento alleo a longo prazo | 0 | 0 | 0 |
| Alleamento de inmovilizado | 0 | 0 | 0 |
| Alleamento de accións propias | 0 | 0 | 0 |
| Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras | 0 | 0 | 0 |
| Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS | 6.947 | 5.549 | 5.546 |
| Menos : DOTACIÓNS | -5.100 | -5.333 | -5.546 |
| Accionistas por desembolsos non esixidos | 0 | 0 | 0 |
| Gastos de establecemento e formalización de debedas | 0 | 0 | 0 |
| Inmovilizado material | 1.266 | 1.160 | 1.449 |
| Inmovilizado inmaterial | 3.834 | 4.173 | 4.098 |
| Inmovilizado financeiro | 0 | 0 | 0 |
| Adquisición de accións propias | 0 | 0 | 0 |
| Reducción de capital | 0 | 0 | 0 |
| Dividendos e outros repartos de beneficios | 0 | 0 | 0 |
| Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo | 0 | 0 | 0 |
| Provisións para riscos e gastos | 0 | 0 | 0 |
| Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS | 1.847 | 216 | 0 |
| Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL) | 0 | 1.847 | 2.063 |
| Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL) | 1.847 | 2.063 | 2.063 |

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

SOCIEDADE: CIXTEC

Miles de euros

| | 2.004 | 2.005 | 2.006 |
|---|---------------|---------------|----------------|
| Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación | 0 | 0 | 0 |
| Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso | 0 | 0 | 0 |
| Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado | 3.098 | 2.980 | 3.294 |
| Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN | 3.098 | 2.980 | 3.294 |
| Menos : Aprovisionamentos | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Gastos externos e de explotación | 4.845 | 4.852 | 5.321 |
| Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA | -1.747 | -1.872 | -2.027 |
| Menos : Outros gastos | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Gastos de persoal | 3.876 | 4.177 | 4.360 |
| Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN | -5.623 | -6.049 | -6.387 |
| Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado | 2.620 | 2.920 | 4.600 |
| Menos : Dotacións ó fondo de reversión | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico | 0 | 0 | 0 |
| Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN | -8.243 | -8.969 | -10.987 |
| Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados | 2.620 | 2.920 | 4.600 |
| Menos : Gastos financeiros | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras | 0 | 0 | 0 |
| Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS | -5.623 | -6.049 | -6.387 |
| Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Variación das Provisións do inmovilizado | 0 | 0 | 0 |
| Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIONES | -5.623 | -6.049 | -6.387 |
| Máis : Subvencións netas á explotación | 5.623 | 6.049 | 6.387 |
| Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS | 0 | 0 | 0 |
| Menos : Impuestos sobre sociedades e outros | 0 | 0 | 0 |
| Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA) | 0 | 0 | 0 |

O.K.

FICHAS PRESUPOSTARIAS

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---|--------------|
| 640 | SOLDOS E SALARIOS | 3.226.000,00 |
| 642 | COTIZACIÓN SEGURIDADE SOCIAL | 967.000,00 |
| 6440 | FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE PERSOAL | 97.871,37 |
| 6441 | ACCIÓN SOCIAL Ó PERSOAL DO CENTRO | 69.128,63 |
| | TOTAL | 4.360.000,00 |

MEMORIA

Comprende tódolos gastos de nóminas dos traballadores, Seguridade Social a cargo da empresa, incluíndo as actualizacións da plantilla ós novos complementos recollidos no IV Convenio Colectivo, así como a subida salarial do 3,1% para o exercicio 2006.

Así mesmo recóllense os gastos de Formación e Perfeccionamento do persoal do Centro e Acción Social para os traballadores

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---|------------|
| 6040 | COMPRAS DE MATERIAL INFORMÁTICO INVENTARIABLE | 100.000,00 |

MEMORIA

Adquisición de material informático, tóner, OPC's e calquera outro susceptible de conformar un grupo de existencias.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|-----------|
| 6070 | TRABALLOS REALIZADOS POR OTRAS ENTIDADES(ENCADERNACIÓN) | 35.000,00 |

MEMORIA

Traballos de encadernación de libros encargados a empresas especializadas.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--------------------------------|-----------|
| 6221 | REPARACIONES DE CONSTRUCCIONES | 20.000,00 |

MEMORIA

Previsión para facer fronte ós gastos de reparacións e conservación do Centro.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|----------|
| 6222 | REPARACIONES EN DEPENDENCIAS EXTERIORES | 5.000,00 |

MEMORIA

Previsión para levar a cabo reparacións en dependencias distintas do Centro.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|----------|
| 6223 | REPARACIONES E CONSERVACIÓN MAQUINARIA (propia e arrendada) | 2.000,00 |

MEMORIA

Previsión para reparación e conservación de maquinaria propia do Centro ou arrendada.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|--|-----------|
| 6224 | REPARACIONES MOBILAXE E EQUIPOS DE OFICINA | 10.000,00 |

MEMORIA

Presupostación para reparación do mobiliario e equipos de oficina do Ente.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---|-----------|
| 6227 | REPARACIONES E CONSERVACIÓN EQUIPOS PARA PROCESOS INFORMACIÓN | 20.000,00 |

MEMORIA

Gastos previstos para as reparaciones e conservación en equipos para procesos de información.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---|------------|
| 6228 | REPARACIONES E CONSERVACIÓN APLICACIONES INFORMÁTICAS | 192.600,00 |

MEMORIA

Mantenimento e actualización de aplicaciones informáticas propiedade do Cixtec.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---|---------|
| 6229 | REPARACIONES E CONSERVACIÓN ELEMENTOS DE TRANSPORTE | 400,00 |

MEMORIA

Mantenimento e reparaciones dos vehículos que compoñen o parque móbil do Cixtec.

FICHA DE PRESUPUESTO

PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|--------------------------------------|----------------|
| 6230 | SERVICIOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES | 9.000,00 |

MEMORIA

Servicios de profesionais, Auditorias de contas definitivas e interinas así como outro tipo de informes técnicos de avogados, arquitectos.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|----------------------------------|----------------|
| 62301 | SERVICIOS PROFESIONAIS CONVENIOS | 12.000,00 |

MEMORIA

Servicios profesionais referentes á asesoría xurídica prestada ó Cixtec, segundo convenio asinado coa Dirección Xeral de Asesoría Xurídica.

| | | |
|------|-------------|-----------|
| 6240 | TRANSPORTES | 11.000,00 |
|------|-------------|-----------|

MEMORIA

Transportes de material informático ás distintas Delegacións de Economía e Facenda e Oficinas liquidadoras de distrito hipotecario.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|-------------------|----------------|
| 6250 | PRIMAS SEGUROS | 6.000,00 |

MEMORIA

Cantidades previstas devengar pola entidade en concepto de primas de seguros en concreto a cobertura de gastos de primas de seguros de coches oficiais.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|--------------------------|------------|
| 6270 | PUBLICIDADE E PROPAGANDA | 100.852,00 |

MEMORIA

Gastos ocasionados con motivo da publicación en periódicos e outras publicacións dos anuncios relativos a oposicións ou concursos, que esixe a Lei 10/1996 de 5 de novembro.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|-------------------|-----------|
| 6280 | ENERXÍA ELÉCTRICA | 53.000,00 |

MEMORIA

Previsión para o gasto de abastecemento de electricidade a consumir durante o exercicio.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|-------------|----------|
| 6281 | AUGA | 2.000,00 |

MEMORIA

Previsión para o gasto por consumo de auga no CIXTEC.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|------------------------------------|-----------|
| 6290 | COMPRAS MATERIAL OFICINA ORDINARIO | 70.000,00 |

MEMORIA

Compra de material de oficina non susceptible de inventariar que van ser consumidos o longo do exercicio presupostario.

FICHA DE PRESUPOSTO

PRESUPOSTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---------------------------|----------|
| 6291 | PRENSA, REVISTAS E LIBROS | 1.000,00 |

MEMORIA

Gastos de compras de libros e revistas especializadas en materias informáticas que permitan a actualización de coñecementos.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--------------------------|----------|
| 62920 | SERVICIOS LIMPEZA E ASEO | 3.000,00 |

MEMORIA

Arrendamento de bacteriostáticos e depósitos hixiénicos instalados no Centro.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--------------------------------------|-----------|
| 62921 | SERVICIOS EXTERIORES: LIMPEZA E ASEO | 39.000,00 |

MEMORIA

Presupostación para atende-los gastos de limpeza e aseo de carácter diario do Centro derivados de expediente de contratación.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|------------|------------|
| 6293 | SEGURIDADE | 139.074,81 |

MEMORIA

Presupostación para atende-los gastos de vixilancia das instalacións do CIXTEC.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|-------------------------|----------|
| 6294 | DIETAS: AXUDAS DE CUSTO | 8.500,00 |

MEMORIA

Ten como finalidade sufraga-los gastos ocasionados por manutención e aloxamento das comisión de servicios realizadas polo persoal do Ente.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|-------------|-----------|
| 6295 | LOCOMOCIÓN | 16.000,00 |

MEMORIA

Atende-los gastos ocasionados polos desprazamentos realizados polo persoal do Ente con motivo das comisións de servicios.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|---------------------------|------------|
| 62971 | COMUNICACIÓNS TELEFÓNICAS | 805.000,00 |

MEMORIA

Previsión de gastos para atende-los distintos tipos de comunicacións de carácter telefónico que requiren os distintos servicios do CIXTEC.

| CONTA | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|-------|-----------------------|-----------|
| 62972 | COMUNICACIÓNS POSTAIS | 30.000,00 |

MEMORIA

Dotación prevista para sufraga-los gastos serrados polo envío de diferentes comunicacións postais a organismos oficiais ou particulares.

FICHA DE PRESUPOSTO

PRESUPOSTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|------------------------|-----------|
| 62990 | OUTROS GASTOS DIVERSOS | 35.330,07 |

MEMORIA

Nesta conta recóllense gastos de natureza heteroxénea non recollida noutras contas.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--------------------------------------|-----------|
| 62991 | GASTOS TRANSPORTE PERSOAL DA EMPRESA | 15.000,00 |

MEMORIA

Gastos de desprazamentos do persoal do CIXTEC non comprendidos en ningunha das aplicacións anteriores.(Autopistas, combustibles, etc..)

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|------------------------------------|---------|
| 62992 | OUTROS SERVICIOS: ALUGAMENTO AULAS | 500,00 |

MEMORIA

Recóllense os gastos de alugueiro de aulas e locais necesarios para o desenvolvemento das distintas probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal do CIXTEC.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|------------|
| 62993 | SERVICIOS INFORMÁTICOS PRESTADOS Ó CIXTEC | 150.000,00 |

MEMORIA

Previsión de gastos ocasionados pola prestación de servicios por parte de terceiros de carácter informático ó Centro.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--|-----------|
| 62994 | SERVICIOS EXTERIORES: COPIAS DE IMPRESORAS | 90.000,00 |

MEMORIA

Gastos ocasionados pola facturación das copias das impresoras en réxime de arrendamento localizadas no Centro.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---------------------------------------|----------|
| 62995 | DIETAS POR PARTICIPACIÓN EN TRIBUNAIS | 8.500,00 |

MEMORIA

Pagamento de dietas por asistencia a tribunais de oposicións segundo o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnización por razón de servicio ó persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|----------|
| 62996 | OUTROS SERVICIOS: FORMACIÓN PERSOAL CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA | 1.000,00 |

MEMORIA

Gastos para a formación de persoal da Consellería de Economía e Facenda que deba afronta-lo CIXTEC.

FICHA DE PRESUPUESTO

PRESUPUESTO DE EXPLOTACIÓN

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|-----------|
| 62997 | CONVENIOS CON OTRAS ENTIDADES: BECAS ESTUDIOS | 62.745,12 |

MEMORIA

Axudas concedidas a bolseiros en virtude de Convenios ou acordos asinados con outras Entidades (Universidades, etc...)

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|-----------------|---------|
| 6300 | TRIBUTOS LOCAIS | 350,00 |

MEMORIA

Gastos ocasionados polo pagamento das obrigas esixidas á Entidade como contribuínte. En concreto tributos relacionados co uso dos vehículos de motor.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|--|-----------|
| 6449 | ALUGUER PRAZAS APARCAMENTO E AUTOBUSES DESPRAZAMENTOS DO PERSOAL | 36.000,00 |

MEMORIA

Alugamento de prazas de aparcamento para o persoal do CIXTEC no aparcadoiro próximo ó Centro, e no de San Caetano. Pagamentos de importes de autobuses para traslado dos traballadores ata o Centro de Trabajo.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTOS DE CAPITAL
I - INMOBILIZADO INMATERIAL

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|--------------|
| 210 | GASTOS I+D NOVOS DESENVOLVEMENTOS APLICACIONES INFORMÁTICAS | 3.294.000,00 |

MEMORIA

Desenvolvemento do novo sistema de información de xestión recaudatoria (Xeito2). Plurianualidade 2006.

Desenvolvemento do novo sistema contable(Xumco2).

Desenvolvemento dos novos módulos de nómina.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|---|------------|
| 215 | A.I: LICENCIAS INFORMÁTICAS Y PRODUCTOS DE SOFTWARE | 428.500,00 |

MEMORIA

Adquisición de licencias de productos de microinformática, antivirus, licencias de ferramentas de desenvolvemento de aplicacións informáticas. Adquisición de productos software destinados ó Cixtec e a outros organismos.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|-------|-------------------------------|------------|
| 219 | OUTRO INMOBILIZADO INMATERIAL | 375.000,00 |

MEMORIA

Proxecto plurianual de Voz /IP na Consellería de Economía e Facenda. Traballos sobre páxina web da Consellería.

FICHA DE PRESUPUESTO
PRESUPUESTOS DE CAPITAL
II - INMOBILIZADO MATERIAL

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|---------------------------|----------------|
| 226 | MOBLAXE E EQUIPOS OFICINA | 210.000,00 |

MEMORIA

Adquisición de moblaxe e equipos de oficina con destino ás dependencias do Cixtec para novas dotacións e renovacións de material.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|--------------------------------------|----------------|
| 227 | EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN | 773.000,00 |

MEMORIA

Adquisición de equipos de comunicacións (Router's, Hub's), impresoras, ordenadores persoais e distintas ampliacións en Sistemas Centrais de almacenamento e Servidores Centrais.

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|---|----------------|
| 2291 | OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL:EQUIPO AIRE ACONDICIONADO | 406.000,00 |

MEMORIA

Adquisición de sistema de aire acondicionado y armario para distribución de energía eléctrica.

FICHA DE PRESUPUESTO

PRESUPOSTOS DE CAPITAL ***II - INMOBILIZADO MATERIAL***

| CONTA | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|--------------|-------------------|----------------|
| 223 | MAQUINARIA | 59.500,00 |

MEMORIA

Adquisición de Guillotina e outra maquinaria específica con destino á unidade de Reprografía do Cixtec.

